



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Verbo da consulta relativa á aplicación da cualificación de matrícula de honra ós alumnos de programas internacionais de intercambio, procede indicar:

1. O artigo 17 das Normas de Xestión Académica establece:

17. CUALIFICACIÓNS E MENCIÓNS

17.1 Cualificación

A avaliación dos alumnos será reflectida nas actas mediante o outorgamento dalgunha das seguintes cualificacións: suspenso, aprobado, notable e sobresaliente.

Tamén se poderán outorga-las mencións de "apto/a" ou "non apto/a", nos supostos que se establecen no presente acordo.

Poderase conceder unha matrícula de honra entre aqueles alumnos que acaden a cualificación de sobresaliente, por cada vinte alumnos matriculados en cada materia ou fracción de vinte.

2.- A vista do anterior texto normativo non é posible distinguir entre alumnos propios e alumnos procedentes de programas de intercambio.

Deste xeito os profesores poderán outorgar unha matrícula de honra por cada vinte alumnos matriculados, computándose neste grupo tanto os alumnos da USC ordinarios como os alumnos temporais de programas europeos.

En consecuencia, os alumnos de programas europeos computan ós efectos de determinar tanto o número de matrículas a outorgar como que estes alumnos de intercambio tamén poden ser destinatarios de dita cualificación de honra.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2002

O Secretario Xeral

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz



SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA